

Se non pode ver correctamente este correo electrónico, faga clic [aquí](#)



Boletín do Proxecto Symbios Núm. 5 – Abril 2014

Novidades | Santiago acolleu o 21 de marzo o Congreso Internacional de Demografía



Santiago de Compostela acolleu o 21 de marzo o Congreso Internacional de Demografía, no que se abordou a realidade demográfica actual en Galicia e noutras rexións europeas. Máis información [aquí](#).

Recursos Symbios



Humor

A educación no rural pode achegar importantes melloras na calidade de vida das persoas.

[Ler máis na web](#)



Escolas na nube

As escolas rurais de Galicia poden ter servizos virtuais para alumnado de diferentes idades, profesorado e familias.

[Ler máis na web](#)




Asociación A. Gandoy

A Asociación Antonio Gandoy busca axudar as familias do rural de Galicia a mellorar a súa práctica educativa.

[Ler máis na web](#)

Materials



Recesión

Presentación de Tomáš Sobotka sobre a recesión económica e a fecundidade.

[Ler máis na web](#)



Políticas

Presentación de Robert Anderson sobre as políticas laborais e de familia.

[Ler máis na web](#)



Suecia

Presentación de Pia Fagerström sobre as políticas familiares existentes en Suecia.

[Ler máis na web](#)

Achegas de Tomáš Sobotka. Investigador do Instituto de Demografía de Viena (Austria).



Extracto da súa intervención no Congreso Internacional de Demografía

Condições que a xente ten en conta para decidir ter fillos hoxe en día

En Europa e tamén en España, á hora de tomar a decisión sobre a maternidade e a paternidade, as precondicións que as persoas se impoñen son: ter acabada a educación, ter estabilidade no emprego, ter acumulado recursos, ter unha vivenda, ter unha parella estable e sentirse con preparación psicolóxica. Aumentaron as dificultades para acceder a todas estas precondicións, o que ten impactado na baixa da natalidade.

Impacto das crises

Habitualmente, durante as crises as persoas aprazan a decisión de ter fillos, con efecto negativo sobre a natalidade. En crises anteriores este efecto adoitou revertirse cando a crise se superou e as persoas se decidiron finalmente. Con todo, a actual crise é moi prolongada no tempo. Se a isto engadimos que o nacemento do primeiro fillo ou filla se produce en España en idades avanzadas, o resultado é que esa xeración xa non teña descendencia.



XUNTA
DE GALICIA



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

Este é o boletín electrónico do proxecto Symbios, unha iniciativa de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios de Galicia e doutras rexións europeas afectadas. Se ten calquera dúbida ou quere contarnos algo, contacte con nós desde [aquí](#) e se quere deixar de recibir este boletín electrónico, faga clic [aquí](#)